



ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE XANEIRO DE 2017.-

<p><u>Sres. Asistentes:</u> <u>Sr. Alcalde:</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo. <u>Sres. Concelleiros:</u> D^a MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D^a OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. RICARDO JOSE LAGE FERNANDEZ. D. MARTA SEIJAS DIAZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. MANUEL BELLO BOUZA. D^a CRISTINA CADENA FREIRE. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. D. GUSTAVO PITA CARBALLEIRA. <u>SR. SECRETARIO-ACCTAL :</u> D. JOSE ANGEL CARBALLO FEIJOO.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día trinta de xaneiro de dous mil dezasete, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario-Acctal, o que o é desta Corporación D. José Angel Carballo Feijoo.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
---	---

Punto núm. 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS DO 28/03/2016 E 26/12/2016.-

O Concello Pleno por unanimidade acorda, presta-la súa aprobación as actas das sesións celebradas os días 28 de marzo de 2016 e 26 de decembro de 2016.

Punto núm. 2.- APROBACIÓN SE PROCEDE CON CARÁCTER DEFINITIVO A RELACION DE POSTOS DE TRABAJO DESTE CONCELLO.-

Dase conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor literal:

“ PROPOSTA DE ACORDO

APROBACIÓN RELACIÓN POSTOS DE TRABAJO.



Considerando que o expediente permaneceu exposto aos interesados, habéndose presentado as alegacións oportunas que figuran incorporadas ao expediente.

Visto o informe xurídico sobre as alegacións á RPT evacuado por D. Javier Ferreira Fernández con data 16 de abril de 2016.

Vistos os informes de Secretaría de datas 26-04-15, 01-06-15, 22-05-16 e 08-06-16, e de 19-01-2017, e de conformidade co disposto no artigo 22.2.i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 202 da Lei 2/2015, de Emprego Público de Galicia, a proposta do Concelleiro-Delegado de Plans e Persoal, o Pleno do Concello adopta por maioría de.....o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Estimar a alegación deducida por Dona A.M.García González, estimar parcialmente a alegación deducida por Don José Luis Castro Feijoo no que respecta a modificación dos factores de valoración do complemento específico e do complemento de destino, desestimando as súas restantes alegacións. Estimar as alegacións de Don Javier Sanchez Romero referidas á modificación dos factores de valoración do complemento específico e do complemento de destino. Estimar a alegación de Dona L. Regueira Martínez referida á modificación dos factores de valoración do complemento específico e do complemento de destino.

Desestimar as seguintes alegacións presentadas por Dona Maria Isabel Margharetto Rodríguez, Dona Maria Ana López Fernández, Don Benito José Calvo Castro e Don Alfonso Portela Martínez, Don Jose Angel Carballo Feijoó, Dona María Concepción Dragó Porta, Dona Carmen Gonzalez Tenreiro, Don José Manuel Mayobre Seijas, Dona M^a. M. Sánchez Sánchez, Don Manuel Larrosa Rodríguez, Don F.López Nodar e Don E. Mesías Farías.

TERCEIRO.- Aprobar con carácter definitivo a Relación de Postos de Traballo deste Concello, coas modificacións derivadas das alegacións estimadas total e parcialmente.

CUARTO.- Publicar íntegramente a citada relación no Boletín Oficial da Provincia e remitir unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Xunta de Galicia no prazo de trinta días.

QUINTO.- Incorporar á RPT a efectos de garantir o mantemento do nivel salario de tódolos traballadores do Concello de Ares, respetando os dereitos retribuídos adquiridos e consolidados con anterioridade. Deste xeito, nos casos en que como resultado dun proceso de valoración incorporado na RPT, se pudiera producir unha minoración das retribucións percibidas con anterioridade por parte dos seus ocupantes, e que sexan propias e fixas do posto/praza desempeñado, estes téran dereito ao mantemento das mesmas, mediante a percepción dun complemento persoal de carácter non absorbible, na contía que sexa necesaria para respectar os dereitos económicos adquiridos e consolidados. A presente cláusula de mantemento das condicións retributivas terá carácter persoal e a súa aplicación vincularáse unicamente aos ocupantes actuais dos postos. Os novos ocupantes percibirán as retribucións derivadas da valoración incluída na RPT, que serán as propias do posto.



SEXTO.- A entrada en vigor dos efectos económicos da presente Relación de Postos de Traballo terá lugar coa entrada en vigor dos orzamentos de 2018 e supeditada, a non existencia de prohibición normativa de incremento de masa salarial”.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

Punto núm. 3.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDIA.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía Presidencia proceder a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos, de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto núm. 4.- MOCIÓNS E PROPOSTAS.-

A) MOCIÓN DO BNG: Iniciativa de Apoio ao Comercio Local.

Dase conta da Moción do BNG, do seguinte teor literal:

“ O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte Moción para o seu debate no Pleno da Corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Comercio local e de proximidade é un sector importantísimo para a necesaria reactivación económica no noso Concello. Tanto para a xeración e consolidación de postos de traballo, como para contribuir a aumentar os servizos dos que nos beneficiamos a veciñanza, peza indispensable tamén para o asentamento da poboación.

Son moitos os estudos que vén no comercio local e de proximidade un dinamizados económico e social, tanto nas Vilas como nos Barrios de grandes cidades. Non hai que esquecer, ademáis a importancia que ten o mantemento deste sector no ámbito rural, cuestión importante na realidade de dispersión poboacional no noso Concello.

Poñer en valor o Comercio Local é traballo de todos e todas, dende os propios comerciantes á veciñanza, pasando pola institución municipal.

Por todo isto, o Pleno do Concello de Ares insta ao goberno municipal á adopción do seguinte **ACORDO:**



1º.- Modificar as Ordenanzas Fiscais para favorecer unha rebaixa impositiva ao comercio local no pago de taxas e impostos.

2º.- Planificar unha campaña de Apoio e Promoción do Comercio Local na procura de sensibilizar á veciñanza sobre a importancia deste Sector; prestando especial atención á posta en valor do mercado municipal, vertebrando o comercio polo miúdo de alimentos perecedoiros.

3.- Dar apoio nos trámites burocráticos e de asesoramento á través da Axencia de Desenvolvemento Local-, tanto a novos emprendedores como aos comercios que xa están establecidos, informando das axudas e subvencións doutras administración e organizando ademais cursos e/ou xornadas de formación.

4. Favorecer e apoiar a colaboración entre o comercio aresán, así como do propio Concello para estudar as necesidades que o sector poida demandar.”

B) MOCIÓN DO BNG: Relativa a imposición dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalación de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos.

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno, relativa abordar o estudo, tramitación e aprobación dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalación de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Tribunal Supremo vén de avisar en diversas sentenzas que os concellos graven as empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos pola utilización do dominio público local cun cálculo que excede o valor catastral dos terreos e que inclúe a súa utilidade.

Fronte á pretensión de anulación de diversas ordenanzas municipais que fixeron unha taxa específica con ese obxecto, emitíronse de momento cinco sentenzas que sentan doutrina dando a razón aos concellos e pechan un longo enfrontamento entre municipios e compañías, sobre todo eléctricas, que se negaban a pagar estas taxas.

Estes fallos, contrarios a Unión Fenosa, Gas Galicia e Red Eléctrica, e con impacto directo no resto do sector eléctrico e tamén noutros sectores que empregan o dominio público para o transporte de gas ou hidrocarburos, requiren que as ordenanzas fiscais regulen unha taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas e hidrocarburos. Ademais, tamén se validan



os criterios empregados polos informes técnico-económicos onde se valora o solo ocupado como se esas liñas e canalizacións se tratasen de construción e efectos de calcular a base imponible da taxa.

A Lei Reguladora das Facendas Locais estableceu en 2004 que as empresas eléctricas, de gas, de auga e hidrocarburos están obrigadas a pagar unha taxa fixada por un informe técnico económico por atravesar o dominio público local, aínda que non os subministren. Malia esa habilitación legal e unha vez se aprobaron as ordenanzas reguladoras para fixar esa obriga de xeito concreto, as empresas non aboaron nunca dita taxa, amosando belixerancia e conflitividade xudicial contra as entidades locais que a impulsaron, negando uns recursos lexitimos ás entidades locais necesarios para poder afortalar os servizos locais.

As propias sentenzas emitidas avalan o cálculo das tarifas da taxa de acordo cun estudo técnico-económico onde se empregaron como criterios para obeter o seu valor a suma do valor catastral do solo rústico con construción co valor das instalación, e a base imponible é resultado de multiplicar ese valor do inmóbel ao coeficiente de relación co mercado e a ocupación en metro cadrado que corresponde a cada metro lineal. Así, a cota a pagar sitúase entre 3000 euros e 12000 euros por metro lineal no caso das instalación de transporte eléctrico, segundo o tipo de tensión –baixa, media ou alta- e no que atinxe ás de transporte de gas, oscila entre os 500 euros e os 4000 euros.

Aclárase expresamente que é legal a pretensión dos concellos de gravas a utilidade que lle reporta ás empresas de enerxía, gas u hidrocarburos a utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo que forma parte do dominio público, con exclusión doutros usos, para unha actividade netamente industrial consistente en transportar e distribuír enerxía eléctrica (partindo dos casos auxizados nas sentenzas) máis tamén gas ou hidrocarburos (ao estenderse a dito obxecto as ordenanzas validadas xudicialmente).

Unha vez resolta a controversia xudicial a prol dos concellos, cómpre iniciar os procesos e trámites necesarios para poder facer efectiva a taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalación de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos neste concello.

En base ao exposto, o Grupo Municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Iniciar os estudos e xestión necesarios para a tramitación e aprobación, a través da correspondente ordenanza fiscal reguladora, dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalación de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos nos termos das sentenzas do Tribunal Supremo que así o avalan.”



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

6.- ROGOS E PREGUNTAS.-